

BLOQUE III: O PERÍODO DA RESTAURACIÓN BORBÓNICA

TEMA 17. A RESTAURACIÓN BORBÓNICA S.XIX (Retorno da monarquía, Constitución 1876 e vida política)

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado explicará as **bases do sistema da Restauración** ou sistema canovista (a súa xénese conservadora, monarquía constitucional doutrinaria, o “turnismo” ou quenda pacífica de partidos) e a Constitución de 1876 nos seus trazos fundamentais (soberanía compartida Coroa/Cortes, papel esencial da monarquía no nomeamento dos gobernos...). Tamén deberá facer referencia á consolidación do sistema canovista a través da configuración da “quenda pacífica” e ao funcionamento dun modelo político marcadamente oligárquico e fraudulento.

1. O réxime da Restauración borbónica (1875-1923)

A inestabilidade política durante o **Sexenio Democrático** favoreceu os plans de **Antonio Cánovas del Castillo** para restaurar a monarquía borbónica. Progresivamente foi tecendo unha ampla rede de apoios entre grupos de militares, aristócratas e burgueses, temerosos do avance das conquistas democráticas que se produciran durante o Sexenio. Tras convencer a **Sabela II** de que abdicase en favor do seu fillo **Alfonso** en 1870, este foi enviado á **Academia militar de Sandhurst**, onde se educaban os reis ingleses. Alí publicou, o 1 de decembro de 1874, o manifesto no que se presentaba como un monarca constitucional, católico e liberal. O 29 de decembro dese mesmo ano o xeneral **Martínez Campos** pronunciouse a favor da monarquía e proclamou a **Alfonso XII** como rei de España. Iniciábase así o período coñecido como **Restauración borbónica**, no que se diferencian as seguintes **etapas**: o **reinado de Afonso XII** (1875-85), a **rexencia de María Cristina de Habsburgo** (1885-1902) e o **reinado constitucional de Afonso XIII** (1902-23).

1. O reinado de Afonso XII. (1875-1885)

Afonso XII chegou a España en xaneiro de 1875, nomeando presidente do Goberno a **Cánovas**. Unha vez no poder, sentou as bases políticas do novo réxime.

- O pensamento político de Cánovas. As bases do sistema da Restauración

Para **Cánovas**, un liberal conservador pero pragmático e posibilista, existían dous principios indiscutibles sobre os que debía asentarse o sistema político en España: o

principio monárquico hereditario personificado pola Coroa na familia de **Afonso XII**, que representaba a tradición e a unidade española, e o principio da **liberdade** exercido polas **Cortes** que representaban a vontade da nación. Ambos principios debían sustentar o poder e compartir a soberanía contrapoñéndose e dando equilibrio ao sistema. Pero unha vez asegurados estes principios todo o demais podía ser obxecto de discusión.

De acordo coas súas ideas os sistema debía basearse en:

- a) **Monarquía constitucional doutrinaria** como forma de Estado e de goberno.
- b) **Dobre confianza** entre a Coroa e as Cortes: o Goberno debía ser nomeado pola Coroa pero para poder desempeñar a súa tarefa con comodidade debía contar coa maioría parlamentaria nas Cortes, maioría que, se era necesario, se fabricaba mediante a manipulación dos resultados electorais a través da **fraude** e da actuación dos **caciques**.
- c) **Bipartidismo**: a existencia de dous grandes partidos monárquicos -un no Goberno e outro na oposición- que se alternarían no exercicio do poder. Liderado por **Cánovas** formouse o **Partido Conservador**, no que se incluíron os antigos moderados e membros da Unión Liberal, e dirixido por **Sagasta** creouse o **Partido Liberal**, formado polos antigos progresistas e demócratas moderados. Eran os partidos denominados como dinásticos (por ter en común a defensa da monarquía borbónica); gobernamentais (por ser os únicos que formaron Goberno durante a Restauración) ou da quenda (por se alternar no exercicio do poder).
- d) **Alternancia pacífica** nos gobernos baseada na **quenda** de mutuo acordo entre as forzoas monárquicas agrupadas no Partido Conservador e no Partido Liberal: cando un Goberno tiña dificultades para gobernar ou sufrira un forte desgaste político por un determinado conflito, a **Coroa** nomeaba como presidente de Goberno ao xefe do partido que estaba na oposición. Para que puidese gobernar cun amplo apoio parlamentario, o rei decretaba a disolución das Cortes e a convocatoria de eleccións xerais; desde o poder, o novo goberno preparaba ditas eleccións (que necesariamente tiña que gañar) para ter maioría nas Cortes, situación que sempre se cumpriu.
- e) **Sometemento do poder militar ao poder civil**: o exército debía estar ausente da vida política (o que significaba que non debía ser utilizado polos *espadóns* para realizar pronunciamentos) e debía estar sometido á autoridade suprema do Estado; por iso, o rei debía ter o mando supremo das forzas armadas (rei soldado).
- f) **Transaccionismo** en materia de dereitos e deberes.

– A Constitución de 1876

Cánovas convocou eleccións constituíntes para asentar as bases políticas da monarquía. As novas Cortes (con maioría de deputados do Partido Conservador) aprobaron a **Constitución de 1876** na que se establecía o modelo político que respondía a unha **monarquía constitucional doutrinaria conservadora**:

a) A **Coroa** gozaba de importantes prerrogativas: compartía a soberanía coas Cortes, nomeaba libremente ao presidente do Consello de ministros, sancionaba e promulgaba as leis, posuía iniciativa legal, tiña dereito de veto, podía suspender e disolver as Cortes, exercía o mando supremo das forzas armadas e dirixía a política internacional. Estes poderes debían ser exercidos por ministros responsables ante as Cortes.

b) **Cortes bicamerais** constituídas polo **Congreso**, formado por deputados elixidos polos cidadáns con dereito a voto, e o **Senado**, formado por senadores vitalicios designados polo rei a proposta do Goberno, senadores por dereito propio por exercer unha alta xerarquía no Estado e senadores electivos elixidos polos maiores contribuíntes. As dúas cámaras tiñan iniciativa legal compartida co rei, quedando, na práctica, supeditadas á Coroa.

c) Os **dereitos e liberdades** aparecían recollidos (sufraxio, prensa, asociación...) pero redactados dunha forma imprecisa que necesitaba o seu desenvolvemento en leis posteriores de inferior rango, o que permitía tanto un tratamento máis restritivo ou liberalizado de acordo coa vontade do Goberno vixente, sen ter que cambiar a Constitución.

d) **Catolicismo de Estado**, aínda que se recoñecía a liberdade de conciencia e de culto.

En **síntese**, o réxime político establecido na Restauración borbónica foi unha **monarquía constitucional doutrinaria** favorable aos intereses sociais, políticos e económicos das clases burguesas e aristocráticas, que mantivo fóra do xogo político á maioría do país. Un réxime oligárquico, clerical en moitos aspectos, sen democracia, pseudoparlamentario, cunha clase política formada por camarillas de notables unidos para poder ocupar os cargos públicos nun Estado invertebrado e débil no que o **caciquismo** constituía a verdadeira estrutura político-administrativa do goberno dos pobos. Un réxime que manifestaba un profundo egoísmo dos grupos dominantes, que pretendían asegurar o monopolio do poder e a súa hexemonía económica e social.

- A pacificación do reino

Co apoio do exército, o Goberno de **Cánovas** puxo fin a dúas guerras, o que lle valeu a **Afonso XII** o título de rei pacificador.

a) Na **guerra carlista**, as operacións deron rápidos triunfos ao Goberno. O conflito finalizou en febreiro de 1876 coa toma de Montejurra e Estella, derradeiros núcleos da resistencia carlista.

b) Na **guerra de Cuba**, os reforzos enviados deron ao xeneral **Martínez Campos** notables éxitos contra os insurrectos. En 1878 a **Paz de Zanjón** concedía unha ampla amnistía, prometendo realizar reformas administrativas e políticas en beneficio da illa. Pero a tensión non desapareceu e dará lugar a novas rebelións.

– Establecemento dun Estado unitario e centralizado

O modelo de Estado imposto coa Restauración borbónica foi o dun **Estado unitario e centralizado** baseado en:

a) **A abolición dos privilexios forais vascos** tras a derrota do carlismo, en 1876, de modo que as provincias vascas perderon as súas peculiaridades administrativas e foron sometidas ao sistema común de impostos e de recrutamento de homes para o exército.

No entanto, os liberais vascos, que loitaran contra os carlistas, conseguiron, en 1878, un acordo co poder central, denominado **Concerto Económico** (semellante ao Convenio Económico que existía en Navarra desde 1841). Así, as deputacións vascas dispoñían da capacidade de recadar impostos e establecían a cantidade anual que cada unha delas debía pagar ao ministerio de Facenda en concepto de equivalencia cos impostos concertados (cupo). Desta forma o sistema de concertos económicos converteuse nunha política fiscal propia das deputacións vascas.

b) **O control dos concellos polo Goberno**. A Lei municipal de 1877 eliminaba a autonomía dos concellos e a elección popular dos alcaldes, que pasaban a ser nomeados polo Goberno no caso das cidades, mentres os gobernadores civís, baixo as ordes do ministerio de Gobernación, encargábanse de nomear o resto dos alcaldes e de controlar a acción de goberno dos concellos.

- O inicio da quenda

Tras a aprobación da **Constitución de 1876**, parte da oposición liberal aceptou o novo sistema.

En 1880 **Práxedes Mateo Sagasta** fundou o **Partido Liberal Fusionista**, no que se integraron liberais progresistas, demócratas moderados e descontentos coa actuación

de **Cánovas** pola súa interpretación restritiva dos dereitos e liberdades (supresión do sufraxio universal masculino pola lei de 1878, restrición da liberdade de prensa, de reunión e asociación).

A crecente oposición parlamentaria a **Cánovas** fixo que o rei **Afonso XII** en 1881 chamase a gobernar a **Sagasta**, iniciándose así por primeira vez a **quenda pacífica** entre liberais e conservadores. **Sagasta** iniciou a apertura do réxime cunha nova lei de imprenta menos restritiva (1883) e consentiu a actividade legal das forzas opositoras (republicanas, socialistas e anarquistas). Pero os problemas internos no seu partido e a axitación social e republicana, fixeron que en 1884 o rei chamase de novo a **Cánovas**.

- A oposición republicana

Nos inicios da Restauración borbónica, os republicanos, divididos e enfrontados entre sí, foron silenciados e as súas actividades fortemente restrinxidas por **Cánovas**. Tiveron que agardar a 1881, no primeiro Goberno de **Sagasta**, para poder manifestarse publicamente e reorganizar os seus partidos.

- **Os republicanos federais**, seguindo a **Pi i Margall**, en 1883, elaboraron e aprobaron os proxectos de Constitución que deberían existir nos diferentes **Cantóns** ou **Estados federados**. En Galicia, dirixidos por **Moreno Barcia**, definiron unha Constitución para o **futuro Estado Galaico**, proxecto que foi elaborado en Coruña en 1883 e aprobado en Lugo en 1887; este proxecto consituíu a primeira formulación política da creación dun Goberno e un Estado propio para Galicia, baseado na democracia e na soberanía do pobo galego.

- **Os republicanos progresistas**, dirixidos por **Ruíz Zorrilla** e defensores da república unitaria, mantiveron a esperanza de conseguir o afundimento da monarquía mediante o pronunciamento das forzas militares adictas, pero todos os intentos fracasaron. En Galicia, os progresistas tamén presentaron candidatos ás eleccións municipais logrando, a partir de 1881, que algúns dos seus partidarios saíse elixido concelleiro nalgúns cidades como A Coruña, onde contaron co apoio do diariio *La Voz de Galicia*, de tendencia republicana nos seus comezos.

2. A rexencia de María Cristina de Habsburgo. 1885-1902

A morte de **Afonso XII** en novembro de 1885 a causa dunha tuberculose provocou unha grande incerteza; a súa viúva **María Cristina**, coa que xa tivera dúas fillas, estaba embarazada.

- O Pacto do Pardo

Ante esta situación, os líderes dos partidos dinásticos acordaron, por un lado, garantir a permanencia do réxime e a vixencia da quenda pacífica no Goberno e, por outro, agardar a proclamar o herdeiro, por se a criatura que ía nacer fose un varón; este acordo informal coñecese como o **Pacto do Pardo**. Como ratificación do acordo, **Cánovas** dimitiu e **Sagasta** foi nomeado pola raíña rexente novo xefe do Goberno; o sistema da quenda pacífica quedaba así definitivamente consolidado. En 1886 nacía **Afonso XIII**. A súa nai mostrou unha actitude de prudencia e de escasa intervención na vida política, e sempre en termos marcados pola Constitución, polo que foi alcumada *dona Virtudes*.

- As reformas de Sagasta

Tras o seu nomeamento como presidente do Consello de ministros, **Sagasta**, entre 1885 e 1890, seguido o programa do **Partido Liberal**, realizou importantes reformas, entre as que destacan:

- a) **Lei de asociacións** (1887), que permitiu a legalización e desenvolvemento das organizacións obreiras.
- b) **Lei de xuízos por xurado** (1888), para numerosos delitos, desde o de traizón, asasinatos, roubos ata os de imprenta.
- c) **Novo Código Civil** (1889).
- d) **Nova Lei electoral** (1890) que establecía o **sufraxio universal masculino** para maiores de vinte e cinco anos.

Estas reformas non afectaron aos principios básicos do sistema canovista porque resultaron viciadas polo caciquismo e a fraude electoral, pero déronlle estabilidade política e social.

- Quenda, fraude electoral, oligarquía e caciquismo

A partir de 1890, **Sagasta** alternou no poder cos sucesivos líderes do Partido Conservador: primeiro con **Cánovas** e, tras o seu asasinato en 1897, con **Marcelo Azcárraga** e **Francisco Silvela**. Para garantir esa quenda, tiñan que gañar as eleccións xerais e ter maioría nas Cortes, o que provocou o falseamento permanente dos procesos electorais.

Para logralo tiveron que recorrer á **fraude** electoral e ao desenvolvemento dunha ampla rede de relacións e influencias baseada no poder de autoridades locais e no rexeitamento e manipulación das masas populares. O sistema funcionaba de arriba abaixo:

- Na cúspide estaba a minoría política dirixente, os homes dos partidos, senadores, deputados, ministros, propietarios de periódicos... que formaban a **oligarquía** dirixente entre a que se escollía os candidatos.
- Nun nivel intermedio estaba o **gobernador civil** que, baixo a orde do ministro de Gobernación, colaboraba na elaboración do encadramento. Para que os resultados se cumprisen segundo o previsto, debían colaborar os **alcaldes** (nomeados polo Goberno e encargados do desenvolvemento do proceso electoral) e a **Garda Civil** (que debía manter a orde e evitar as accións dos opositores).
- Na base desta pirámide estaba o **cacique** local, personaxe que gozaba dunha grande influencia sobre as autoridades e os veciños dunha comarca ou territorio, sobre todo rural, e que empregaba esta influencia en servizo do candidato do Goerno.

O control caciquil foi unha das pezas básicas do funcionamento da quenda pacífica de partidos, fabricando os resultados electorais á medida do partido que acababa de asumir o poder (o reparto aproximado era: 60%-70% de actas de deputados para o partido no poder e 20-30% para o partido na oposición). Nalgúns casos, a forza do caciquismo permitía que moitos distritos estivesen controlados pola mesma familia ou saíse sempre elixida a mesma persoa; eran os chamados **distritos enfeudados**.

Calquera método era válido para conseguir o resultado electoral desexado: manipulación do censo, resurrección de mortos, falsificación de identidades, compra de votos, ameazas, alteración de horarios e convocatorias, encarceramento dos considerados revoltosos, pucheirazo (ou substitución masiva dos votos emitidos no pucheiro ou urna electoral en beneficio do candidato oficial).... As diferentes modificacións se fixeron das leis electorais non alteraron as bases do sistema, pois como dixo **Cánovas**, mentres existan gobernadores e alcaldes a disposición dos gobernos, a moralidade nas eleccións será un mito. Ata que isto non se corrixa, os caciques serán os donos absolutos do país.

Alicerces da conflitividade social e política

Aínda que durante a rexencia o sistema se mantivo estable, progresivamente foron xurdindo e cobrando forza diferentes tensións e conflitos:

- **Reinicio das protestas obreiras** por motivos laborais e das **axitacións dos xornaleiros no campo**; ademais, a partir de 1890, as organizacións obreiras

celebrarían a xornada reivindicativa do Primeiro de Maio.

- **Incremento dos atentados anarquistas** contra a burguesía ou significadas figuras da vida política, entre os que destacan: atentado contra o **xeneral Martínez Campos** (1893), bombas no teatro Liceo de Barcelona (1893) e na procesión do Corpus (1896), e asasinato de **Cánovas** (1892), causando un forte impacto na opinión pública.
- **Debilidade republicana:** divididos en diferentes faccións e incapaces de manter unha coalición estable, constituían un grupo minoritario nas Cortes, pero mantiñan forza nalgúns cidades, controlando o poder municipal (A Coruña, Valencia...).
- **Xurdimento dos movementos rexionalistas e nacionalistas periféricos** que, con desigual forza, e como reacción á imposición do Estado centralizador e unitario, deron orixe, en Cataluña, nas provincias vascas e en Galicia, á creación de organización que reivindicaban tanto o emprego da lingua propia como a descentralización e o autogoberno. Tamén xurdiron xustificacións teóricas e ideolóxicas sobre a consideración de nación da propia comunidade. Aínda que minoritarios, a súa existencia rachaba co modelo da España oficial.

A guerra de Cuba e o desastre de 1898

A principal crise da rexencia de **María Cristina de Habsburgo** foi a insurrección de Cuba e Filipinas. En 1895, os separatistas cubanos reiniciaron (grito de Baire) a guerra contra España, encabezada por **José Martí** e polo **Partido Revolucionario Cubano**. En Filipinas, a insurrección iniciouse en Luzón en 1896, dirixida por **Andrés Bonifacio** e **Emiliano Aguinaldo**. A pesar do envío de numerosas tropas, o exército español presentaba graves carencias: estaba escasamente dotado de medios modernos e formado por soldados mal preparados e recrutados entre as clases máis pobres. Ademais, as enfermidades tropicais causaban numerosas baixas. A guerra agravouse polo apoio que os insurrectos recibían dos **EUA**, en plena expansión imperialista e interesados en desprazar a España da zona do Caribe e do Pacífico.

En 1898, a estraña explosión do acoirazado norteamericano **Maine**, ancorado na Habana, foi a escusa para que o Goberno dos EUA enviase un ultimato ao Goberno de España para que renunciase ao seu dominio sobre Cuba. A exaltación patriótica da opinión pública, das autoridades, dos políticos e incluso dos eclesiásticos, así como a confianza na vitoria e nas virtudes heroicas do soldado español, levou ao Goberno de España a declarar a guerra aos EUA. Unicamente algúns intelectuais, políticos e as

organizacións obreiras opuxéronse a esa medida.

A guerra foi rápida e contundente polas grandes diferenzas entre os dous exércitos; a escuadra española non podía competir fronte aos poderosos acorazados norteamericanos, unha forza catro veces superior e moito máis moderna. Os escenarios das batallas foron **Santiago de Cuba, Cavite e Manila**, onde se produciu en poucos días unha rápida e contundente derrota. Tras a destrución da Mariña española e o desembarco das tropas norteamericanas en Cuba, Porto Rico e Filipinas, o Goberno español, ante a superioridade militar dos EUA, solicitou o armisticio.

As negociacións de paz remataron coa sinatura do **Tratado de París**: España cedía Cuba, Porto Rico, Filipinas e a illa de Guam aos EUA a cambio dunha compensación económica. O resto das posesións españolas no Pacífico -as illas Marianas e Carolina- foron vendidas por España e Alemaña en 1899. Desaparecía así o imperio colonial español en América e no Pacífico.

A derrota, cualificada como o desastre do 98, causou en España un forte impacto na opinión pública, nos partidos políticos, nos intelectuais e nas clases medias. Non provocou a quebra do sistema político nin unha grave crise económica, pero puxo de manifesto a incapacidade da oligarquía dominante para modernizar o país. Os militares sentiron unha profunda frustración e resentimento, responsabilizaron do fracaso aos políticos e pecháronse progresivamente nunha actitude de defensa corporativa dos seus intereses. Os intelectuais desenvolveron unha reflexión crítica sobre España marcada pola desmoralización, o pesimismo e a idea de decadencia. As clases populares respiraron tranquilas de non ter que enviar os seus fillos a morrer a Cuba.

O rexeneracionismo

Foi una corrente intelectual, política e literaria que impregnou a vida pública española de finais do século XIX e comezos do XX. Caracterizouse tanto pola análise dos males do país e a súa crítica ao sistema da **Restauración**, como polo seu propósito de atoparlle remedio e de renovar e modernizar a realidade política e económica de España. Para os membros deste movemento, os problemas de España derivaban da existencia dun Estado ineficaz e dunha clase política corrupta e oligárquica, así como dun escaso e deficiente desenvolvemento dos recursos económicos. Para mellorar o país cumpría rexenerar o Estado e reforzar a estrutura produtiva.

O máis destacado representante das ideas rexeneracionistas foi **Joaquín Costa**. Ao longo dos seus escritos e da súa actuación persoal, defendeu un amplo programa

renovador desde dentro e desde arriba, para conxurar -dicía- as revolucións das rúas e dos campos. Resumíase no seu lema: *Escola e despesa*. Programa de goberno: *dar de comer ao famento, dar de beber ao sedento, ensinar ao que non sabe, redimir o cativo. O sedento é a terra*; o famento dezasete millóns de españois; o ignorante a nación en todas as clases; o cativo os labradores, servos do fisco, da administración e do cacique.

A fortaleza que mantiña o caciquismo levou os rexeneracionistas a aceptar a necesidade de contar cun **cirurxián de ferro**, é dicir, un gobernante que actuase de forma autoritaria, pero con carácter temporal, para reconducir o país e acabar cos seus profundos males.